

ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA CONVOCATORIA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA A REDUCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) CELEBRADA O LUNS, 5 DE FEBREIRO DE 2024.

Na Sala de reunións de INCOLSA-Turismo de Santiago, sendo as 10 horas do día 5 de febreiro do ano dous mil vinte e catro, reúnese o Tribunal Cualificador designado para a convocatoria de carácter excepcional do proceso de estabilización para a redución do emprego temporal da sociedade municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) celebrada o luns, 5 de febreiro de 2024, coa asistencia dos señores e señoras membros :

Presidenta: D^a Flavia Ramil Millarengo
Vogal: D. Fernando Mujico Caneda
Secretaria: D^a Áurea M^a Prieto Pérez
Observadora Tribunal: D^a Anu Helena Pitkänen (Representante Sindical)

PUNTO 1.- ELABORACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA A REDUCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DA SOCIEDADE PARA CADA UNHA DAS PRAZAS INCLUÍDAS NA DEVANDITA CONVOCATORIA (BOP 29/12/2022).

Dáse comezo á reunión dando lecturas as bases xerais e específicas que rexen na convocatoria para a continuación determinar as que se considerarán causas de exclusión provisionais e definitivas, de acordo coas bases da convocatoria:

Causas de exclusión provisionais:

1. Non presentar solicitude de instancia de participación (Anexo I).
2. Non presenta DNI, resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento equivalente que acredite a súa identidade.
3. Non cumprir os requisitos de nacionalidade ou idade previstos na convocatoria.
4. Non presenta declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial por resolución xudicial para empregos ou cargos públicos ou para o

exercicio de calquera función propia do corpo, agrupación profesional ou escala obxecto da convocatoria. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5. Non presenta copia da titulación académica requirida en cada un dos postos convocados nin documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do título, cando aínda non se posúa fisicamente a mesma.
6. Non presenta documentación acreditativa da posesión do CELGA 4 ou validación ao mesmo nivel. Se exceptúa da obriga de aportar a documentación referenciada a quen xa teña acreditado en INCOLSA o coñecemento do galego por ter superado un procedemento de selección convocado para a cobertura de postos con desenvolvemento de idénticas funcións na empresa municipal no que este idioma fora requisito de acceso.
7. Non presenta documentación acreditativa dos méritos alegados dentro dos sinalados como requisitos específicos nas Bases Específicas para cada unha das categorías profesionais convocadas. Se exceptúa da obriga de aportar a documentación a quen xa teña acreditado o coñecemento dos idiomas obrigatorios alegados mediante proba fidedigna, por ter superado un procedemento de selección na empresa municipal con posterioridade ao ano 2016 e convocado para a cobertura de postos con desenvolvemento de idénticas funcións.

Causas de exclusión definitivas:

8. Solicitude presentada fora de prazo.

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte de INCOLSA de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento.

Unha vez establecidas as causas de exclusión, procédese ao exame da documentación presentada polos candidatos para a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases xerais e específicas da convocatoria. O exame da documentación faise na orde do rexistro de entrada das solicitudes. Finalizado o exame da documentación, por unanimidade, adóptanse os seguintes acordos:

1º Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos para UNHA PRAZA de persoal laboral fixo de TÉCNICO/A DA SANTIAGO DE COMPOSTELA FILM COMMISSION en Información e Comunicación Local, S.A.

Admitidos:

DNI/NIE	Apelidos	Nome
33XXXX82C	GONZÁLEZ BENNETT	DIMAS MARCOS

2º Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as para DÚAS PRAZAS de persoal laboral fixo na categoría profesional de INFORMADOR/A TURÍSTICO en Información e Comunicación Local, S.A.

Admitidos:

DNI/NIE	Apelidos	Nome
33****57A	PERNAS PICO	MARÍA FLORENTINA
44****52A	GARCÍA GIL	BEATRIZ
44****59W	SÁNCHEZ SÁNCHEZ	CARMEN MARÍA
44****50V	SÁNCHEZ PARADELA	ELENA ELVIRA
33****40C	GARCÍA PÉREZ	MARÍA JOSÉ
44****96F	SUÁREZ RODRÍGUEZ	MARGARITA

3º Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as para CATRO PRAZAS de persoal laboral fixo-descontinuo na categoría profesional de INFORMADOR/A TURÍSTICO en Información e Comunicación Local, S.A.

Admitidos:

DNI/NIE	Apelidos	Nome
33****57A	PERNAS PICO	MARÍA FLORENTINA
44****84Q	MARTÍNEZ LÍAS	SILVIA
44****52A	GARCÍA GIL	BEATRIZ
44****59W	SÁNCHEZ SÁNCHEZ	CARMEN MARÍA
44****50V	SÁNCHEZ PARADELA	ELENA ELVIRA
33****40C	GARCÍA PÉREZ	MARÍA JOSÉ
44****96F	SUÁREZ RODRÍGUEZ	MARGARITA

3º Publicar as listas de aspirantes admitidos/as e non admitidos/as na web <https://www.santiagoturismo.com/emprego/>

4º Aprobar a concesión ás persoas aspirantes dun prazo improrrogable de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da Resolución anteriormente referenciada no portal web <https://www.santiagoturismo.com/emprego/>, co obxecto de emendar as causas que motivasen a súa exclusión ou omisión das citadas listas para que presenten as alegacións oportunas xunto coa documentación que ao seu dereito conveña. Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, procederase á publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

A documentación deberá presentarse:

- De xeito presencial en horario de 9:00 a 14:00 horas na Oficina Central de Turismo de Santiago, Rúa do Vilar 63, 15705 Santiago de Compostela.

Os aspirantes non admitidos ou omitidos, que dentro do prazo establecido ao efecto, non presenten a documentación requirida, quedarán definitivamente excluídos/as.

No caso de presentar documentación, esta será analizada, adoptándose o acordo que proceda.

De non existir reclamacións no prazo indicado, procederase a elevar a definitivas as relacións publicadas como provisionais,

Non habendo máis asuntos a tratar, a Presidenta declara rematada a reunión ás doce horas e trinta e catro minutos do día expresado no encabezamento, do que, como Secretaria, dou fe.

The image shows four distinct handwritten signatures in blue ink. The first two are large, stylized, and somewhat overlapping. The third is smaller and more compact. The fourth is a large, circular signature with a vertical line extending upwards from the top.